



CONCELLO DE PONTECESO



## RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** XXV CICLO DE TEATRO

**EXPEDIENTE:**2018/G003/000579

### **ANTECEDENTES:**

O Concello de Ponteceso caracterízase por ter unha longa e satisfactoria traxectoria de programación teatral que este ano desencadea no XXV aniversario do Ciclo de Teatro organizado pola Consellería de Cultura. Este evento cultural conta cunha grande tradición na nosa localidade e cunha motivadora acollida por parte do público adulto do noso termo municipal e dos concellos lindantes. Polo tanto, mantemos o obxectivo de continuar promovendo as artes escénicas e a cultura na nosa localidade.

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

Artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases do réxime local

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local,  
**RESOLVO:**

1.- Aprobar, coa finalidade de conmemorar o XXV aniversario do Ciclo de Teatro no Concello de Ponteceso, é interese da Concellaría de Cultura organizar un sorteo de 20 entradas (5 entradas á semana durante o mes de novembro) as seguintes bases:

**“BASES QUE REXERÁN O SORTEO DE 20 ENTRADAS (5 ENTRADAS Á SEMANA DURANTE O MES DE NOVEMBRO DE 2018) PARA CONMEMORAR O XXV ANIVERSARIO DO CICLO DE TEATRO DO CONCELLO DE PONTECESO**

Primeira. A participación supón a total aceptación das bases.

Segunda. Poderán participar tódalas persoas que o desexen.

Terceira. Procedemento

As cinco entradas semanais poderáanse conseguir por dúas vías:



CONCELLO DE PONTECESO

Tres entradas sortearanse semanalmente a través do Facebook do Concello, repostando a unhas preguntas e sendo os primeiros ou primeiras en facelo. As ditas preguntas colgaranse na rede social os mércores de cada semana.

As dúas restantes entradas, sortearanse in situ os sábados pola tarde nas sesións de clases abertas que haberá coas compañías que actúan nese día; trátase de asistir a ese encontro cos actores e alí faremos diante dos presentes o sorteo das dúas entradas para os asistentes.

Cuarta. Prazo e lugar de recollida das entradas

As entradas sorteadas no Facebook municipal recolleranse na media hora anterior ao comezo da función teatral ensinando o DNI do gañador do sorteo; e as entradas correspondentes á asistencia ás clases abertas xa se entregan no mesmo momento do sorteo.”

2.- Publicar a presente resolución na web e facebook municipal así como no Boletín Oficial da Provincia.

3.- Dar conta desta resolución ó Pleno na primeira sesión ordinaria que se celebre.

Documento asinado dixitalmente na data e polas persoas que se indican ao marxe